

Divulgación do “proxecto colectivo xestión dos recursos da pesca costeira artesanal no ámbito territorial da confraría de muxía” nos anos 2025-2026

Entidade Beneficiaria: Confraría de Pescadores de Muxía

Período do Proxecto: 1 de Xullo de 2025 ata o 30 de Xuño de 2026

A presentación da solicitude fíxose ao amparo da Orde do 19 de Abril de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2025, en réxime de concorrência competitiva axudas a proxectos colectivos, financiados polo Fondo Europeo Marítimo da Pesca (FEMPA), que contribúan a protección e recuperación da biodiversidade mariña a través dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas, así como o fomento da sensibilización ambiental.

O obxectivo xeral do proxecto é a protección e recuperación da biodiversidade a través da mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas así como o fomento da sensibilización ambiental.

As actividades desenroladas ao abeiro do proxecto foron:

1. Elaboración e seguimento dos plans de co-xestión de recursos mariños:

- a. Plan de Percebe Mixto (a pé e a flote)
- b. Plan Solénidos Conxunto Muxía e Camariñas
- c. Plan de Ourizo Zona VI
- d. Plan Poliqueto Mixto (a pé e a flote)

2. Optimización e seguimento da Xestión dos recursos Mariños

- a. Análise dos descritores definidos na Directiva Marco sobre estratexia mariña
- b. Cartografado dos hábitats e especies, especialmente das exóticas e invasoras, con presenza significativa no contexto de esta Confraría.
- c. Seguimento dos Indicadores de abundancia e da composición específica das capturas e da súa estrutura e tamaños. Os traballos que se realizan

consisten no tratamento de datos recollidos (por medios informáticos) a través de mostraxes realizadas e de controis de talles realizadas en cada banco Marisqueiro.

3. **Avaliación do estado de Conservación e da Biodiversidade**, nas zonas da Rede Natura 2000, nas zonas mariñas protexidas e nos hábitats costeiros de importancia para os organismos mariños.
4. **Contribución á vixilancia epidemiolóxica**: envío periódico de mostrax biolóxicas para o seu análise polo INTECMAR. As mostrax enviadas contribúen ó coñecemento do estado sanitario das augas e das especies marisqueiras.
5. **Formación e asesoramento** dos mariscadores orientada a adquirir novas competencias vinculadas a unha mellor xestión e conservación dos recursos mariños vivos e dos ecosistemas que o sosteñen.
6. **Tramitación de aperturas e peches** mensuais das distintos recursos. Determinación da CPUE e envío de datos a Consellería do Mar
7. **Operacións de salvagarda do Medio Mariño** e das súas especies que se levaran a cabo establecendo condicións de acceso as zonas de pesca. O servizo de Garga Pescas realiza tarefas de supervisión e control de cupos, zonas, tallas e furtivismo.
 - a. Coa finalidade de mellorar a eficiencia e coordinación, cada un dos efectivos portará un sistema de Xeo-localización portátil. Os rexistros de este dispositivo estarán a disposición da Consellería do Mar.
 - b. O persoal de vixilancia actúa baixo a supervisión do Servizo de Garda Costas de Galicia e en colaboración con aqueles, remitíndolle os datos e informes que lle sexan requiridos.
 - c. Con antelación suficiente, os vixilantes deben trasladar o Servizo de Garda-Costas a programación das actividades, e coa mesma periodicidade elaborar un informe das actividades realizadas.

IMPORTE DO PROXECTO: 51.480 €

IMPORTE PÚBLICO: FEMP (75%) CCAA (25%)

Périodo do Proxecto
01/07/2025-30/06/2026

Procedemento: **PE209P** Proxecto colectivo Orde do 19 de
Abril de 2025

Expediente: **PE209P-2025-001**

Entidade beneficiaria: **Confraría de pescadores de Muxía**
NIF: G15033913

Denominación proxecto: **Xestión dos recursos da pesca
costeira artesanal no ámbito territorial da confraría de
Muxía**

Axuda Concedida
51.480 €